



introducción ao estudo de ungulados

metodoloxías de mostraxe

25-27 febreiro 2016

Organiza



Colabora



► **destinatarios**

O curso está dirixido a profesionais do Medio así como estudantes e titulados en disciplinas afíns. Se ben, toda aquela persoa interesada na temática pode participar. Non son necesarios coñecementos previos.



► **obxectivos**

O curso “Introdución ao Estudo de Ungulados: Metodoloxías de Mostraxe” pretende dar a coñecer as especies de ungulados presentes en Galiza e o seu papel ecolóxico no medio, así como dotar aos alumnos dunhas competencias básicas nas metodoloxías de mostraxe, e na identificación dos rastros destes animais, de cara á súa aplicación en estudos científicos ou técnicos, tales como Estudos de Impacto Ambiental, Xestión Cinexética, etc.

► **metodoloxía**

Os obxectivos do curso abordaranse dende unha perspectiva eminentemente práctica que inclúe a realización de transectos de indicios, montaxe de redes de captura, instalación de estacións de fototrampeo, e revisión de estacións de fototrampeo colocadas con anterioridade á realización do curso. Tamén se realizará un obradoiro de métodos preventivos de danos ocasionados polos ungulados.

Estes contidos prácticos apóianse nunha exposición dos contidos teóricos do módulo que acheguen ao alumno aos conceptos relevantes, sendo o alumno/a quen toma un papel activo mediante o emprego das ferramentas, técnicas e equipos, aprendendo de primeira man o manexo das mesmas.

A avaliación realízase mediante un seguimento continuo, valorando tanto os coñecementos adquiridos como a participación activa dos asistentes.



► módulos

Módulo 1. Introducción á ecoloxía dos ungulados galegos

Profesor: Xosé Pardavila Rodríguez

Este módulo ten por obxecto introducir ao alumno/a na ecoloxía dos mamíferos ungulados, con especial interese na súa relevancia ecolóxica.

Durante o desenvolvemento do módulo daranse a coñecer as características das especies de ungulados presentes na Galiza, as súas peculiaridades ecolóxicas e como afectan á súa bioloxía.

Módulo 2. Métodos para o estudo de ungulados.

Profesor: Xosé Pardavila Rodríguez

O obxectivo deste módulo é introducir ao alumno/a nos diferentes métodos non invasivos para o estudo de mamíferos ungulados.

Deste xeito, efectuarase un repaso polos diversos métodos non invasivos que se empregan no estudo de ungulados (fototrampeo, esperas, foqueos..., trampas de pelo, censo de indicios...) utilizando casos prácticos.

Módulo 3. Xestión de danos e métodos disuasorios: Agricultura.

Profesor: Adrián Lamosa Torres

Neste módulo preténdese realizar unha primeira aproximación ao conflito entre o home e os ungulados que se están a incrementar nas últimas décadas.

A análise da evolución das súas poboacións dende mediados de século nos axudarán a comprender a situación actual das súas poboacións e a fonte destes conflitos.

Finalmente realizarase un repaso aos distintos métodos disuasorios existentes na actualidade (pastores eléctricos, barreiras, repelentes de olor, etc.), avaliando a eficacia de cada un deles.

Módulo 4. Xestión de danos e métodos disuasorios: Vías de comunicación.

Profesor: Martín Pérez Rendo

O módulo trata de abordar a problemática que as vías de comunicación supoñen para os ungulados, e para o ser humano.

O desenvolvemento de infraestruturas viarias nos últimos anos trae consigo unha maior fragmentación do hábitat e a perda de conectividade ecolóxica, o que acompañado dun incremento do número de vehículos, incide nunha maior mortalidade de fauna por atropelamentos, sendo o caso dos ungulados, polo seu porte, o que maior risco xenera para o ser humano.

Coñeceremos, por tanto, os impactos que a rede viaria xenera nas comunidades de Ungulados, e realizaremos un repaso aos métodos minimizadores de ditos impactos (pasos de fauna, valados perimetrais, barreiras de olor, etc.) analizando os seus pros e contras.

.

► **horario**

O curso desenvolverase en 20 horas, distribuídas en sesións de 4 horas as tardes do xoves e o venres, e 12 horas durante o sábado.

	Xoves 25	Venres 26
16:00 - 17:50	Módulo 1: Introducción á ecoloxía dos ungulados galegos	Módulo 3: Xestión de danos e métodos disuasorios: Agricultura
17:50 - 18:10	Descanso	Descanso
18:10 - 20:00	Módulo 2: Métodos de estudo. Deseño de caso práctico	Módulo 4: Xestión de danos e métodos disuasorios: Vías de comunicación

	Sábado 27
9:00 - 14:00	Prácticas de campo: Realización de itinerarios de indicios, e revisión e instalación de equipos de fototrampeo.
14:00 - 15:00	Comida
15:00 - 18:00	Prácticas de campo: Instalación de diversos tipos de trampas e métodos preventivos de danos.
18:00 - 21:00	Resolución de caso práctico e posta en común de resultados.

► **lugar**

Castelo de Santa Cruz (Oleiros) e Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo

► **equipo docente**

Xosé Pardavila, Adrián Lamosa, Martín Pérez

www.biolearn.org

► **certificado**

Unha vez superados os criterios de avaliación de cada un dos módulos, faise entrega dun certificado de aproveitamento outorgado polo CEIDA. Será preciso así mesmo asistir, polo menos, a un 80% das horas do curso.

► **inscripción**

Prezo: 95 €

As prazas son limitadas e se ocuparán por rigurosa orde de inscrición

► **máis información**

formacion@ceida.org - 981 630 618

